UNIDADE 4. RESUMO

Recorda

✓ Todas as palabras da terceira declinación unen directamente a raíz ás desinencias. Pertencen a ela todas as palabras cunha raíz rematada en:
- consoante oclusiva, líquida, nasal ou sibilante;
- vogal -ι, -υ, -ω.
- ditongo -ευ, -αυ-, ου, -οι.

✓ En todas as declinacións os neutros teñen sempre o nominativo, vocativo e acusativo iguais; e os devanditos casos no plural teñen a desinencia -α.

✓ Aínda que non saibas a qué declinación pertence un substantivo, case sempre podes saber a súa función polo artigo que o acompaña, xa que o substantivo terá o mesmo xénero, número e caso ca el.

✓ Os adxectivos irregulares πολύς, πολλή, πολύ *moito* e μέγας, μεγάλη, μέγα *grande* declínanse sobre dous temas-

✓ **Temas de aoristo** (co mesmo valor e significado):
- **Sigmáticos**.
  Coa característica -σ(α)- conservada ou con ξ, ψ (verbos en velar e labial respectivamente).
  Con perda de -σ- e alongamento compensatorio (verbos en líquida e nasal).
  Con alongamento do vogal anterior ao -σ- (contractos).
- **Radicais** (unen as desinencias á raíz).
  Temáticos (con vogal temática ε/ο).
  Atemáticos (sen vogal temática).
- **Aoristos pasivos**, formados con -θη-, -σθη -- ou -η - que polo demais se forman igual que os radicais atemáticos.

✓ As correspondencias poden variar se hai presentes con sufixo -y- (en -ζω, -ττω, -πτω).
- A un presente en -ζω pode corresponderlle un aoristo en -σα ou en -ξα.
- A un presente en -ττω pode corresponderlle un aoristo en - σα ou en - ξα.
- A un presente en -πτω correspóndelle un aoristo en –ψα.
- A un aoristo en - σα pode corresponderlle un presente en -ω, -δω, -τω, -ζω, ou -ττω (-σσω).
- A un aoristo en -ξα pode corresponderlle un presente en –yω, -κω, -χω, -ζω, ou -ττω (-σσω).

✓ O **aumento** pode ser silábico (antepoñer un ἐ- á raíz) ou temporal (alongar a vogal inicial).
✓ Nos verbos compostos o alongamento vai entre a preposición e a forma verbal.
✓ Algúns verbos teñen aumentos irregulares (εἶχον, ἑώρων).

✓ O **dativo**, ademais de indicar a persoa que se beneficia ou prexudica polo proceso verbal, asumiu as funcións de complemento circunstancial de instrumento e de lugar onde.
✓ Divídese en: dativo *propio,* dativo *instrumental* e dativo *locativo*.
✓ dativo propio subdivídese en: dativo obxecto indirecto, dativo de interese, dativo simpatético, dativo ético, dativo posesivo, dativo axente, dativo de relación.
✓ dativo instrumental subdivídese en: instrumental e sociativo.
✓ dativo locativo expresa o lugar e o tempo en que se desenvolve a acción verbal.